



SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17 DE MARZO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás doce horas e trinta minutos do día dezasete de marzo de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa don Juan González Leirós.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

Con data do día 9/2/2022 publicouse a Orde do 31 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria para o ano 2022 (DOG Núm. 27 do 09/02/2022)", pola que segundo o disposto no artigo segundo, o Concello de Cambre poderá acollerse ao Programa I destinado á consolidación de servizos actualmente subvencionados pola Xunta de Galicia, segundo a Orde de 11 de xaneiro de 2021 (publicada no Diario Oficial de Galicia número 16, de 16 de xaneiro de 2021).

Visto o expediente de contratación para a prestación do servizo de atención temperá no Concello de Cambre, durante nove meses con opción de prórroga dun ano, condicionado este último á convocatoria anual de "subvención a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020", por un importe de 64.371,79 euros máis o 21% de IVE (13.518,08 euros), por importe de 77.889,87 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2022 312 22799 Outros traballos realizados centros de saúde.

Dada a urxencia do citado expediente.

Estas circunstancias motivan a urxencia da realización da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local.

Por todo isto, o señor presidente manifesta que considera adecuadamente xustificada a urxencia da convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

“a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.”

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Incoación do expediente de contratación número 2022/C004/000007 para a prestación do servizo de atención temperá no Concello de Cambre, durante nove meses dende a formalización do contrato, e con opción de prórroga dun ano, condicionado este último á convocatoria anual de “subvención a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020”, por un importe de 64.371,79 euros máis o 21% de IVE (13.518,08 euros), por importe de 77.889,87 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2022 312 22799 Outros traballos realizados centros de saúde

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data do 15 de febreiro de 2022 elaborouse polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento para a contratación do servizo de atención temperá no Concello de Cambre, cun valor estimado de 164.574,04 euros e un orzamento base de licitación de 77.889,87 euros (IVE incluído).

Visto que con data de 16 de marzo de 2022 asínase polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade o informe técnico de necesidade relativo, entre outros aspectos, aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, procedemento de adxudicación, condicións especiais de execución do contrato, e penalidades aplicables, elaborándose na mesma data, polo antedito funcionario, o prego de prescricións técnicas regulador da prestación do servizo.

Visto que consta documento de retención de crédito, asinado con data de 17 de febreiro de 2022 polo Interventor da Corporación, polo citado importe de 77.889,87 euros.

Visto que o servizo obxecto deste contrato atópase financiado en virtude da ORDE do 31 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos non marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, e procédese a súa convocatoria para ou ano 2022 (DOG número 27 do 09/02/2022)”, pola que segundo o disposto no artigo segundo, o Concello de Cambre poderá acollerse ao Programa I destinado á consolidación de servizos actualmente subvencionados pola Xunta de Galicia, segundo a Orde do 11 de xaneiro de 2021 (publicada no Diario Oficial de Galicia número 16, de 26.1.2021).

Visto que, respecto do procedemento de adxudicación, na memoria xustificativa propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto, a teor do establecido nos artigos 131 e 156 da LCSP.

Visto que no informe técnico consta como único criterio de adjudicación o factor prezo e que este criterio se valorará proporcionalmente, de maneira que a oferta máis baixa obterá 100 puntos e as demais ofertas proporcionalmente.

Visto que consta na memoria e máis no prego de prescricións técnicas particulares elaborado o orzamento base de licitación do contrato, así como o seu valor estimado :

Orzamento base de licitación para este servicio é de **77.889,87 € euros**, segundo o seguinte desglose:

Concepto	Importe sin IVA	IVA (21%)	Importe con IVA
Programa atención Temprana 2022 (9 meses)	64.371,79 €	13.518,08 €	77.889,87 €

El **valor estimado** del presente contrato se fija en **164.574,04 euros** (importe total de contrato, incluido el año de prórroga sin incluir el correspondiente % de IVA y con un 10% para posibles modificaciones).

Valor estimado del contrato (sin IVA): 149.612,76 euros
10 % de posibles modificaciones: 14.961,28 euros
TOTAL VALOR ESTIMADO: 164.574,04 euros

Visto que se xustifica a non división en lotes do contrato en que a realización independente do obxecto do contrato dificultaría o mesmo desde o punto de vista técnico, xa que o servizo precisa a coordinación das diferentes prestacións dos profesionais para a consecución dos obxectivos do programa, polo que non sería posible a división en lotes , isto de conformidade co previsto no artigo 99.3 LCSP.

Vista a providencia, de data 16 de marzo, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 156 da LCSP.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se persegue establecer un Programa que ten por finalidade proporcionar información, orientación e atención especializada aos menores de 0 a 6 anos, e ás súas familias con necesidades especiais do municipio, e que responde á definición de Atención Temperá, entendida como un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos de idade, á súa familia e á súa contorna, que ten como obxectivo darlles resposta canto antes ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

O seu fundamento normativo atópase no Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede Galega de atención temperá, e máis na Lei 7/1985 de 2 abril, Reguladora das bases do réxime local, que establece no artigo 26, apartado 1), que os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes deberán exercer a competencia de “avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata as persoas en situación o risco de exclusión social”, ademais de na Lei 8/2008 do 10 de xullo, de saúde de Galicia, no seu artigo 80.3.g, establécese como competencias dos municipios, “o desenvolvemento de programas de promoción

da saúde, educación sanitaria e protección de grupos sociais con riscos específicos que se prevexan nos plans de saúde”.

Polo tanto, queda acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C004/000007 por procedemento aberto cun único criterio de adjudicación de apreciación automática (factor prezo) e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: Servizo de atención temperá no Concello de Cambre
- Orzamento base de licitación: 77.889,87 euros, IVE incluído
- Valor estimado: 164.574,04 euros
- Duración: 9 meses dende a súa formalización, podendo prorrogarse un ano máis.
En todo caso, a prórroga quedará condicionada á concesión da correspondente subvención.

Isto, en aplicación do establecido nos artigos 131 e 156 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, e artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta das aplicacións orzamentarias “312.22799 outros traballos realizados centro de saúde” e “312.22199 outras subministracións centro de saúde”.

O servizo obxecto deste contrato atópase financiado en virtude da “*ORDE do 31 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e convócanse para o ano 2022 (código de procedemento BS700A)*”, (DOG número 27, do 09/02/2022).

Cuarto: De conformidade co establecido no artigo 326 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Mesa de Contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, estará formada polos seguintes membros:

- Presidenta: A Concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Concelleiro-delegado da área de Urbanismo e Obras don Juan González Leirós.
- Vogais:
 - A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.
 - O interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

- O técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira e, como suplente, o técnico de administración xeral, xefe da área de urbanismo e réxime interior, don Emilio Martínez Cubero.

- A dinamizadora cultural, dona Pilar Paz Delgado, e como suplente, a coordinadora deportiva, dona Cristina Sanmartín Sánchez.

- Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a do Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a Técnica de Xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Quinto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que o prezo do contrato non sufrirá variación ningunha, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto das modificacións contractuais non previstas do artigo 205 da LCSP.

Sexto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co disposto polos artigos 135 e 63 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, e na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as doce horas e corenta minutos, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O presidente

Óscar Alfonso Garcia Patiño

A secretaria accidental

Verónica Maria Otero López